



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A FUNDACIÓN NOVACAIXAGALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Fundación NovaCaixaGalicia (Afundación) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 8 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Fundación NovaCaixaGalicia e o Consello da Cultura Galega para a organización da exposición “Galicia 100”, na que se exhibirán diferentes obxectos creados ou relacionados en Galicia e ofrecer, así, un relato didáctico da historia de Galicia. Esta exposición se realizará na sede de Afundación en Santiago de Compostela, entre os meses de maio e setembro de 2016.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación NovaCaixaGalicia (Afundación) é unha entidade non lucrativa, constituída como unha fundación privada, declarada de interese galego, cuxa actividade está destinada a, entre outros fins de interese xeral, o desenvolvemento da cultura, e que conta en Santiago de Compostela con diferentes espazos expositivos.

O Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria, creada ao abeiro do disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía, mediante Lei 8/1983 do 8 de xullo. Cun carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, ao Consello da Cultura Galega compételle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Entre os obxectivos do Consello da Cultura Galega figura o fomento e difusión da cultura galega. Con esta finalidade de divulgación da cultura e historia de Galicia, o Consello da Cultura Galega organiza diferentes exposicións.

Entre as mostras que se están a organizar figura «Galicia.100», concibida como unha exposición que resuma a historia de Galicia en cen obxectos característicos.

Deste xeito, para poder realizar a mostra en Santiago de Compostela da exposición «Galicia.100» o Consello da Cultura Galega e a Fundación Novacaixa Galicia (Afundación) decidiron asinar un convenio de colaboración que regule a colaboración de ambas entidades no relativo a esta exposición durante o tempo da mostra en Santiago de Compostela, que se instalará na súa sede da Rúa do Vilar en Santiago de Compostela.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 8 de abril de 2016